



## **A CALRE celebra un foro sobre inmigración o venres en Bruxelas coincidindo co Día Internacional dos Refuxiados**

- Un dos cinco grupos de traballo que integran a CALRE aborda a realidade da inmigración en Europa
- O foro terá lugar na sede do Comité das Rexións logo da reunión do segundo Comité Permanente da CALRE

**Santiago, 18 de xuño de 2014.-** A Conferencia de Asembleas Lexislativas Rexionais Europeas (CALRE) celebrará o vindeiro venres, na sede do Comité das Rexións, en Bruxelas, un foro sobre inmigración coincidindo co Día Mundial do Refuxiado.

A presidenta do Parlamento de Galicia e da CALRE, Pilar Rojo, abrirá o foro, titulado “Unha política común de inmigración para Europa”. Á intervención de Rojo Noguera seguirá a do coordinador do grupo de traballo da CALRE sobre Inmigración e presidente da Asemblea Rexional de Sicilia, Giovanni Ardizzone.

O foro estruturarase en dous paneis. O primeiro analizará as “Fronteiras intelixentes ao servizo dos dereitos fundamentais” e será moderado polo secretario xeral da CALRE e letrado oficial maior do Parlamento de Galicia, Xosé Antón Sarmiento. Contará coa intervención de Frank Paul, xefe de unidade, asesor e xefe do grupo de forza sobre a migración irregular, as redes transeuropeas para a liberdade e seguridade e as relacións coa UE-LISA, da Comisión Europea; e Giacomo Negrotto, representante da iniciativa conxunta para o desenvolvemento e as migracións (PNUD, ONU).

### **Inmigración e integración**

O segundo papel versará sobre “Os fluxos migratorios e integración” e actuarán como relatores María Luisa Casado, representante da



unidade “Inmigración e integración” da Comisión Europea; e Christof Roos, catedrático de Política de Inmigración, Diversidade e Xustiza, do Instituto de Estudos Europeos da Universidade Libre de Bruxelas.

A conferencia rematará cun apartado de conclusións sobre a protección dos dereitos humanos e a gobernanza a multinivel, a cargo de Luc Van den Brande, presidente da Axencia de enlace Flandes-Europa, e membro do Comité das Rexións.

A CALRE conta actualmente con cinco grupos de traballo: Subsidiariedade, Políticas de Cohesión, E-democracia, Inmigración, e Políticas Territoriais e Ambientais da UE.

### **Reunión do Comité Permanente da CALRE**

Este foro foi organizado coincidindo coa celebración, tamén na sede do Comité das Rexións, do segundo Comité Permanente da CALRE, que será presidido por Pilar Rojo Noguera e no que, entre outros asuntos, se analizará un informe sobre a actividade desenvolvida polos diferentes grupos de traballo que integran a organización.

Ese mesmo día, Pilar Rojo iniciará a xornada reuníndose con Giacomo Negrotto, representante da iniciativa conxunta para o desenvolvemento e as migracións do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.